
CLUB DE LECTURA “BIBLIOTERO”

**Biblioteca do IES Ramón
Otero Pedrayo (A Coruña)**

Curso 2023-2024



**CLUBS
DE LECTURA**

TÁBOA DE CONTIDOS

1. PRESENTACIÓN	2
2. OBXECTIVOS. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR E A BIBLIOTECA ESCOLAR.....	2
3. ACTIVIDADES PREVISTAS. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE IMPULSO Á LECTURA, ESPECIALMENTE EN GALEGO	2
4. ACTIVIDADES PARA ESTIMULAR A PARTICIPACIÓN DE VARÓN.....	3
5. ACTIVIDADES PARA INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO	3
6. COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO. IMPLICACIÓN DOUTRO PROFESORADO DO CENTRO.....	3
7. FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	3
8. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL	4
9. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR.....	4

1. PRESENTACIÓN

O Club de lectura “BIBLIOTERO” da Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo comezou a súa andaina no curso 2007-2008 e o noso proxecto figura no Plan Anual de Lectura, aprobado dentro da Programación Xeral Anual nas reunións de Claustro e Consello Escolar do 24 de outubro de 2023.

2. OBXECTIVOS. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR E A BIBLIOTECA ESCOLAR

As actuacións neste campo basearanse no noso esforzo por procurar tempos, espazos e ambientes para a lectura individual e compartida, tal e como se recolle no Proxecto Lector do centro. Os obxectivos principais serán os que se citan a seguir:

- Compartir cos compañeiros e compañeiras o pracer de ler, debatendo sobre o lido na casa.
- Potenciar a comprensión lectora poñendo en contacto ao alumnado con xéneros literarios ou autores/as descoñecidos para eles, incluíndo formatos diferentes.
- Educar no uso crítico da información e reflexionar sobre os contidos presentes nos medios de comunicación e nas obras de lectura seleccionadas.
- Favorecer a expresión oral do noso alumnado que ás veces na aula en gran grupo está máis restrinxida a intervencións puntuais sobre temas académicos.
- Impulsar a lectura na nosa lingua para contribuír a un maior vínculo dos mozos e mozas con ela.

3. ACTIVIDADES PREVISTAS. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE IMPULSO Á LECTURA, ESPECIALMENTE EN GALEGO

As actividades que pasamos a referir son unha orientación, podendo ser eliminadas, modificadas ou cambiadas en función das necesidades e intereses que xurdan:

- Lectura de obras de interese literario e argumental para o alumnado ao longo do curso (en xeral, unha cada mes), principalmente en galego.
- Difusión das actividades do club na conta de Instagram da biblioteca.
- Elaborar *booktrailers* sobre os libros lidos para animar a outras persoas á súa lectura.
- Gravar pequenas curtas con extractos das obras lidas.
- Levar a cabo encontros con escritores e escritoras galegos/as, de ser posible.
- Potenciar a lectura de libros en galego a través dunha gran oferta.
- Realizar algunha actividade complementaria ou extraescolar, de ser posible.

4. ACTIVIDADES PARA ESTIMULAR A PARTICIPACIÓN DE VARÓNS

O noso club conta de momento con pouca participación masculina, pero agardamos que se apunten máis rapaces atraídos pola temática, que foi proposta por eles mesmos.

5. ACTIVIDADES PARA INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Tentaremos escoller lecturas que ofrezan unha versión adaptada para que todos aqueles alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe poidan participar no noso club. Ademais, de ser posible, tentaremos incluír algunha lectura cuxa temática trate de rapaces e rapazas con diversidade funcional e/ou neuronal.

6. COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO. IMPLICACIÓN DOUTRO PROFESORADO DO CENTRO

Neste momento de comezo de curso hai varios alumnos/as interesados que se dividirían nos seguintes niveis: 10 persoas de 1ºESO, 5 persoas de 2ºESO, 4 persoas de 3ºESO e 6 persoas en 4ºESO.

A coordinadora será a responsable da biblioteca escolar, Ana Campos Rey. Colaborarán os profesores M^a Fe Vega Madroñero, Beatriz Del Río Aguirre, Concepción Liñares da Costa e Juan Berná Pérez.

7. FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Cada grupo terá un número reducido de participantes (máximo 8/10 alumnos, mais a coordinadora). Realizarase unha reunión mensual por grupo cun coordinador/a durante o período do recreo, normalmente no espazo da biblioteca. Os títulos facilitarao a coordinadora, tendo en conta os fondos que hai na biblioteca e/ou as suxestións dos participantes. Porén, nunca se lerán os libros de lectura obrigatoria das distintas materias. En xeral, alternaremos lecturas en galego e en castelán.

No que se refire á temática, tras o éxito acadado o curso pasado co grupo “**Sherlock Holmes**”, volveremos ofertalo neste curso escolar. Ademais, a petición do alumnado e para seguir coa temática do misterio e o crime, crearemos un novo grupo arredor da escritora **Agatha Christie**.

O alumnado explicará oralmente o argumento da obra, o que máis lle gustou do libro, o que menos, a súa impresión final, e se recomendaría ou non a súa lectura. Nalgunhas sesións buscarase información na Internet sobre o autor ou autora ou sobre o propio libro e realizaranse lecturas en voz alta de fragmentos das obras.

Así mesmo, tentaremos realizar algunha actividade complementaria ou extraescolar relacionada coas lecturas.

8. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓNS DE CARÁCTER PRESENCIAL

Organizaranse os grupos e escolleranse as lecturas durante o mes de outubro para poder comezar coa primeira reunión en novembro. Na segunda semana do mes de novembro empezaremos con todos os grupos as sesións presenciais, que terán lugar nos recreos (unha por mes).

9. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

Na web do centro informarase a todo o alumnado e ás súas familias da creación do club, mediante un documento que recolla os obxectivos, horarios, normas, libros recomendados, etc. Así mesmo destacaremos as actividades do club na nosa conta de Instagram para dalo a coñecer a toda a comunidade educativa.

A Coruña, 5 de outubro de 2023.